

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE:	C82030:27
SITUACIÓN:	BUGALLAL MARCHESI Nº5, 1ºC - CORUÑA (A)

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de A Coruña de data 19 de xuño de 2014 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C82030:27, ó abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ó establecido no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, o pasado día 18 de xullo de 2014 celebrouse sorteo ante notario entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes. Como consecuencia de dito sorteo e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, e tendo en conta que o adxudicatario definitivo designado en dito sorteo, don JACOBO FANTÁNS SÁNCHEZ (nº credencial 57,596), presentou a non aceptación de designación de adquirente, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña, facendo uso das súas competencias,

ACORDA:

Declarar adquirente a don DAVID MARTI GONZALEZ (nº credencial 66926), que foi designado como primeiro reserva no devandito sorteo.

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 21 de agosto de 2014.

O xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

P.S. (Resolución S.X.T. do 26/07/2012)

O xefe da Área Provincial do I.G.V.S.

Luis G. Eirís Puñal

